



GUÍA DOCENTE DE SEGUNDO INSTRUMENTO I-II
(CLARINETE, FAGOT, FRAUTA TRAVESA, ÓBOE, SAXOFÓN)
ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO, E POLO
DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|---|----------------|----|----------|----|---------------|-----|----------|------|--------------------------------------|---------------|
| DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-II (CLARINETE, FAGOT, FRAUTA TRAVESA, ÓBOE, SAXOFÓN) | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Interpretación | | | | ITINERARIO | | | | Guitarra, Música antiga (Clave, ICP) | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | TIPO DE CLASE | | | | Individual | |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | DEPARTAMENTO | Vento madeira |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 0'5h. |
| ECTS/CUAD. | | | | | 1'5 | 1'5 | | | Observacións: | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|---|---|
| DESCRIPTOR: | Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Para o primeiro cuadrimestre, sen requisitos previos. Para os seguintes, coñecementos e destrezas adquiridas no cuadrimestre anterior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T3, T6, T13, T15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | E11, E15 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro. | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|--|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo. | T 1, T 3, T 6, T 13, T 15; X 6, X 8, X 13, X 21, X 24; E15 |
| Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación dun repertorio adecuado no instrumento. | T 1, T 6, T 13, T 15; X 1, X 3, X 6, X 8, X 11, X 13, X 24; E11, E15 |
| Desenvolver a consciencia física e mental necesarias para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento. | T 6, T13, T15; X 1, X3, X11, X13; E15 |
| Comprender e demostrar a comprensión mediante a interpretación de distintos estilos musicais ao longo da historia, desenvolvendo e aportando ideas propias con criterio e coherencia. | T 1, T 3, T 6, T13, T15; X 1, X 3, X 6, X 13, X 21, X 24; E11, E15 |



4. CONTIDOS

Aspectos técnicos.

Aspectos musicais, artísticos e interpretativos, relativos aos aspectos musicais que interveñen na interpretación

Aspectos pedagóxicos: autonomía do alumnado, principios básicos do aproveitamento do estudio en aras á adquisición de maior autonomía.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | CUALIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
|--|---------------------------|--------------------------|
| Actividades introductorias | Presencial | Comezo do curso |
| Exposición maxistral | Presencial | Ao final do cuadrimestre |
| Exposición práctico-teórica | Presencial | Ao final do cuadrimestre |
| Práctica individual | Non presencial | Permanente |
| Práctica colectiva | Non presencial | Permanente |
| Lectura guiada e comentario de fontes na clase | Presencial | Esporádica |
| Taller | Presencial | Esporádica |
| Laboratorio | Presencial | Esporádica |
| Pescuda de información | Presencial/Non presencial | Permanente |
| Seminarios | Presencial | Esporádica |
| Exposición e debate de traballos Actividades complementarias | Presencial/Non presencial | Ao final do cuadrimestre |

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*